Concello de A Illa de Arousa
C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

Conterá a proposición económica formulada estritamente conforme o modelo que figura como anexo II deste prego.

Os sobres presentaranse pechados no Rexistro xeral do Concello de A Illa de Arousa e poderán estar lacrados ou precintados. Poderán igualmente enviarse por correo nas condicións previstas no artigo 80.4 do RGLCAP.

A presentación das proposicións determina a aceptación incondicional polos empresarios do contido da totalidade das cláusulas deste prego, sen ningunha excepción, conforme ó artigo 145.1 do TRLCSP.

Este prego de cláusulas administrativas particulares forma parte do expediente de contratación que comprende ademais:

- O proxecto técnico.
- A autorización do gasto.
- O xustificante de dispoñibilidade do crédito, debidamente intervido.
- O replanteo da obra para comprobar a realidade xeométrica das obras e a dispoñibilidade dos terreos e dos bens afectados para a súa normal execución, consonte co disposto no artigo 126 do TRLCSP.

O expediente será aprobado polo órgano de contratación competente e comprenderá tamén a aprobación do gasto, conforme ó artigo 110.1 do TRLCSP, previamente á apertura do procedemento de licitación e adxudicación.

Revisten carácter contractual todos os documentos do expediente e este prego de cláusulas administrativas particulares. Nos casos de discrepancia entre ambos documentos rexerá o previsto no prego de cláusulas administrativas particulares.

## 16.- MESA DE CONTRATACIÓN.

A mesa de contratación estará integrada, de conformidade co disposto no apartado 10 da D.A. 2ª do TRLCSP, do seguinte xeito:

- Presidente: D. Carlos Iglesias Cores ou membro ou funcionario desta en quen delegue.
- Vogais: Os Concelleiros do PSOE D. Alfonso Salgado Alonso e D. Luis Arosa García, do BNG D. Carlos Miguel Chaves Otero, do PP D. Juan José González, o secretario-interventor e a arquitecta municipal.
- Secretario: Un funcionario do Concello.

## 17.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL E APERTURA DE PROPOSICIÓNS.

O acto licitatorio desenvolverase, de conformidade co disposto nos artigos 81 a 84 do RGLCAP, nos termos seguintes:

O día hábil seguinte (agás sábados), a aquel en que finalice o prazo de presentación de proposicións, ou presentadas todas as ofertas dos licitadores invitados a participar, constituirase a mesa de contratación para a cualificación dos documentos presentados en tempo e forma no sobre num. 1, e formalizarase a acta correspondente. Se non existisen deficiencias que emendar, a apertura do sobre número 2 efectuarase no mesmo día, ás 12,00 horas, na Casa do Concello.

Noutro caso, a mesa de contratación, se observase defectos ou omisións emendables na documentación presentada, comunicarállelo verbalmente ós interesados. Sen prexuízo do anterior, as circunstancias deberán facerse públicas a través de anuncios do órgano de contratación, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para a corrección ou rectificación dos defectos ou omisións ante a mesa de contratación, procedéndose á apertura en

Concello de A Illa de Arousa
C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

acto público do sobre num. 2, o quinto día hábil posterior (agás sábados) ó do vencemento do prazo de presentación de proposicións, ás 12,00 horas, na Casa do Concello.

No suposto de envío de documentación por correo que faga imposible a cualificación da documentación e a apertura de proposicións nas datas sinaladas, o secretario da mesa de contratación comunicará ós licitadores, á maior brevidade posible, as novas datas fixadas para tales actos.

**18.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.**

**18.1.** Unha vez que a Mesa de Contratación formule a proposta de adxudicación requirirase ao licitador para que presente a oferta máis vantaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

a) A documentación xustificativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social.

b) Garantías:

Garantía definitiva: O documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o artigo 96 TRLCSP.

A administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades que estean en situación de mora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigacións derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pago. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro for rexeitado pola administración.

c) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometeron a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

Para estes efectos a acreditación poderá realizarse:

Medios persoais:

A) Títulos académicos e profesionais do empresario e, en particular, do responsable ou responsables das obras.

B) Nº de traballadores especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, acreditándose mediante os correspondentes contratos ou Tcs.

Medios materiais:

Poderanse acreditar mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou leasing, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións.

De igual modo poderá acreditarse mediante certificación de que os citados medios (que deberán describirse de forma individual indicando marca, modelo e data de adquisición) forman parte do inventario da empresa ou entidade adxudicataria.

Así mesmo, poderase acreditar mediante certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas ou equivalente.

No entanto poderase acreditar por calquera outro medio de proba que demostre de maneira irrefutable a titularidade ou dispoñibilidade dos devanditos medios materiais para a obra obxecto do presente contrato.

d) Toda a documentación esixida na cláusula 15.1.1, de conformidade co disposto no artigo 146.4 do TRLCSP, excepto a xa presentada na documentación simplificada (cláusula 15.1.2 do presente prego).

e) Nos supostos previstos nas cláusulas 15.1.1.M e 15.1.2.D, xustificación de que a empresa conta no seu persoal cos traballadores con discapacidade declarados.

**18.2.-** De non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, nese caso solicitarase a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 60.2.a, 61 e 61 bis do TRLCSP

**18.3.-** A adxudicación terá lugar dentro dos dez días hábiles seguintes ó da recepción desta documentación e deberá ser motivada e notificada ós licitadores.

**19.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

O contrato formalizarase dentro dos 15 días hábiles seguintes ó da recepción da notificación da adxudicación, de acordo co disposto no artigo 156.3 do TRLCSP, segundo modelo anexo II ó presente pliego, ó que se unirá un exemplar do pliego de cláusulas administrativas particulares, das prescripcións técnicas e dos documentos contractuais do proxecto de obras, debidamente compulsados.

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á sinatura do contrato, deberá aportar escritura pública de constitución como tal.

O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a cualquera rexistro público.

Non obstante, o contrato se formalizará en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo da súa costa os gastos derivados do seu otorgamento.

A formalización do contrato publicarase no perfil do contratante do órgano de contratación (páxina web do Concello de A Illa de Arousa -www.ailladearousa.es/contratación-), en cumprimento do disposto no artigo 154.1 do TRLCSP.

## III
## EXECUCIÓN DO CONTRATO

**20.- COMPROBACIÓN DO REPLANTEO.**

A comprobación do replanteo efectuarse no prazo máximo de cinco días naturais contados desde a data de formalización do contrato, estendéndose a acta correspondente da que se entregarán tres exemplares no Rexistro xeral do Concello (artigo 229 do TRLCSP e 139 e seguintes do RGLCAP).

**21.- OBRIGAS DO CONTRATISTA.**

As obras se executarán con estricta suxeición ás estipulacións contidas no presente pliego de cláusulas administrativas particulares e á memoria técnica que sirve de base o contrato e conforme ás instrucciones que, en interpretación técnica deste, dise ó contratista o director facultativo das obras.

Durante o desenvolvemento das de las obras e ata que se cumpra o prazo de garantía, o contratista é responsable dos defectos que na construcción puoideran advertirse.

Si houbera algunha parte da obra executada deficientemente, o contratista deberá rehacerla sen dereito a indemnización de ningún xénero, aínda que se apreciase despois da recepción.

Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e perxuicios que se causen, por sí ou por persoal ou medios dependentes do mesmo, a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato.

Cando tales danos e perxuicios se ocasionaran como consecuencia inmediata e directa de orde da Administración, será responsable a Administración dentro dos límites sinalados nas Leis.

Concello de A Illa de Arousa
C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 – Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

O contratista deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo.

A execución do contrato se realizará a riesgo e ventura do contratista.

O contratista deberá entregar no Concello dous (2) exemplares do plan de seguridade e saúde antes do comezo da execución das obras, debendo quedar un terceiro exemplar en poder do adxudicatario e estar na obra ó dispor da dirección técnica.

**22.- PRAZOS E PENALIDADES.**

O prazo de execución da obra é de un mes, e expedirase unha única certificación de obra.

Se o adxudicatario incorrese en mora na execución da obra contratada, incluídos os prazos parciais establecidos, o Concello poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades por demora previstas na lexislación vixente, de conformidade co disposto nos artigos 212 e 213 do TRLCSP.

A resolución do contrato acordarase, no seu caso, de conformidade co disposto nos artigos 211 e 223 e) do TRLCSP, determinando a obriga do contratista de indemnizar os danos e perdas causados á Administración, de conformidade co disposto no artigo 225.3 da LCSP, indemnización que se fará efectiva, en primeiro termo, sobre a garantía definitiva constituída, sen prexuízo da subsistencia da responsabilidade do contratista respecto do importe que exceda da garantía incautada.

Se o Concello optase pola imposición de penalidades por demora e sen prexuízo da efectividade destas mediante deducción nas certificacións de obra ou documentos de pagamento correspondentes ou sobre a garantía constituída, o contratista deberá indemnizar os danos e perdas irrogados á Administración como consecuencia do atraso culpable, debendo acordar a Administración a ampliación do prazo de execución das obras, na medida que se estime necesaria para a terminación do contrato, todo isto de conformidade co disposto nos artigos 98 e 99 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RD 1098/2001, do 12 de outubro (en diante RGLCAP).

Se o atraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e se este se comprometese a executar a obra con prórroga de prazo, deberá ser acordada esta prórroga pola Administración, nos termos do artigo 213.2 do TRLCSP.

**23.- PAGOS.**

O pagamento realizarase mediante certificación de obra aprobada polo órgano municipal competente en función da obra efectivamente executada no dito período, con suxeción ó disposto nos artigos 216.4 e 232 do TRLCSP e concordantes do RGLCAP.

**24.- GASTOS.**

O adxudicatario quedará obrigado a pagar o importe dos gastos de publicidade da licitación e de cantos outros gastos se deriven dos trámites de preparación, adxudicación, formalización e execución do contrato, incluídos todo xénero de tributos e prezos públicos estatais, autonómicos ou locais.

**25.- SINALIZACIÓN DAS OBRAS E CARTEL ANUNCIADOR.**

O contratista está obrigado a instalar, a súa costa, as sinais precisas para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debido á marcha de aqueles, tanto en dicha zona como nos seus lindes e inmediacións.

O contratista cumprirá as ordes que reciba por escrito da dirección acerca de instalacións de sinais complementarias ou modificación das instaladas.

Os gastos que orixine a sinalización serán de conta do contratista.

Concello de A Illa de Arousa
C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 – Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

Así mesmo é obrigatorio e será responsabilidade do contratista a instalación de cartel anunciador da citada obra, no modelo normalizado publicado na páxina web da Deputación "www.depo.es" (descarga de documentos – Cooperación – Plan de obras e servizos 2016– Cartel de obra).

## IV
## FINALIZACIÓN

**26.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO E RECEPCIÓN DAS OBRAS.**

O contrato se entenderá cumprido polo contratista cando éste realizara, de acordo cos termos do mesmo e a satisfacción da Administración, a totalidade do seu obxecto.

A recepción do contrato se rexirá polo establecido no artigo 235 do TRLCSP e nos artigos 163 e seguintes do Regulamento Xeneral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

O tempo da recepción se comprobará en particular o cumprimento polo contratista das seguintes obrigaciones:

- O despexe final das obras, debendo o contratista haber restituido a súa situación inicial as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas.
- El cumprimento non defectuoso do contrato.
- O cumprimento dos criterios de adxudicación.
- O cumprimento das condicións de execución.

**27.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO.**

A resolución do contrato se rexirá polo establecido con carácter xeral nos artigos 223 a 225 do TRLCSP e específicamente para o contrato de obras nos artigos 237 e 239 de dita norma, así como nos artigos 109 a 113 e 172 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

En todo caso en caso de resolución do contrato por causa imputable ó contratista se estará ó disposto no artigo 225.3 do TRLCSP.

**28.- PRAZO DE GARANTÍA.**

O prazo de garantía será de dous anos e comezará a partires da data da recepción.

Durante este prazo se aplicará o establecido no artigo 167 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en canto ás obrigaciones do contratista, así como no relativo á facultade da Administración de, en caso de incumprimento, executar a costa de aquél os traballos necesarios para a conservación da obra.

Todos os gastos que se ocasionen pola conservación das obras durante o periodo de garantía serán de conta do contratista no tendo dereito a ningunha indemnización por este concepto. Se exceptúan os danos ocasionados na obra por forza maior, que serán soportados pola Corporación, se ben ésta tenrá a facultade de esixir ó contratista que realice as obras de reparación.

Transcorrido o plazo de garantía se procederá á liquidación do contrato conforme ó disposto no artigo 235 do TRLCSP.

**29.- RESPONSABILIDADE POSTERIOR DO CONTRATISTA.**

De conformidade co artigo 236 do TRLCSP, se a obra se arruina con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construcción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá éste dos danos e perxuicios durante o término de quince anos a contar dende a recepción.

Concello de A Illa de Arousa
C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

Transcorrido este prazo sen que se manifestase ningún dano ou perxuicio, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista.

**30.- XURISDICCIÓN.**

As cuestións que poidan plantexarse durante o desenvolvemento do contrato serán resoltas polo órgano de contratación. Os acordos adoptados para a súa resolución porán fin á vía administrativa, e poderán ser impugnados ante a Xurisdicción contencioso-administrativa.

..........................................................................................

## ANEXO I
## CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

| | | | |
|---|---|---|---|
| **1. PROXECTO** | **ACONDICIONAMENTO DA ESCOLA DE PAU** | | |
| **2. CODIFICACIÓN** | A. Clasificación de produtos por actividades (CPA-2009) | | |
| | B. Vocabulario común de contratos (CPV) | 45000000 | |
| **3. ORZAMENTO** | Base impoñible 73.634,46 €<br>Importe IVE 15.463,24 €<br>Total 89.097,70 € | | |
| **4. VALOR ESTIMADO** | Total 73.634,46 € | | |
| **5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA** | 337.63200 | | |
| **6. PRAZO DE EXECUCIÓN** | Fixado no proxecto: DOUS MESES | | |
| **7. CLASIFICACIÓN ESIXIDA** | Non se esixe | | |
| **8. CLASIFICACIÓN PARA EFECTOS DE ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA** | **Grupo** | **Subgrupo** | **Categoría** |
| | C | 4 | B |
| **9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS** | 1.- Rexistro Xeral da administración convocante con domicilio en:<br>R/ Palmeira nº 25 – 36626 A Illa de Arousa<br>2.- Oficina de Correos: Comunicación do envío por medio de oficina de Correos<br>3.- Nº de FAX da entidade contratante 986528700<br>4.- Correo electrónico da entidade contratante:<br>correo@ailladearousa.es | | |
| **10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS** | Tramitación ordinaria: SETE DÍAS<br>En horario de Rexistro da administración convocante e no caso de presentalo por correos dentro do horario da oficina correspondente. | | |
| **11. DOCUMENTACIÓN** | Simplificada | | |

Concello de A Illa de Arousa
C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 – Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

| | |
|---|---|
| **QUE SE HA PRESENTAR SEGUNDO O IMPORTE A QUE SE REFIRE A CLÁUSULA 12.1.1,12.1.2. E 16.1.e** | |
| **12.PORCENTAXE SUBCONTRATCIÓN** | 60 % do prezo de adxudicación |
| **13. PERFIL DE CONTRATANTE** | Dirección páxina web: www.ailladearousa.es/contratación |
| **14 GARANTÍA DEFINITIVA** | 5% do prezo de adxudicación, IVE excluído. |
| **15. REVISIÓN DE PREZOS** | Non procede |

## A N E X O II
## MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D. ..................................................................................., con domicilio en ...................................................., Municipio ............................., CP........... e DNI nº..................... expedido en .......................... con data ......................., en nome propio (ou en representación de ..................................... como acredito por .................................) enterado do expediente de contratación ordinaria e da convocatoria para a adxudicación por procedimento negociado sen publicidade das obras de **"ACONDICIONAMENTO DA ESCOLA DE PAU "**, tomo parte na mesma comprometéndome a realizalas de acordo co proxecto técnico e pliego de cláusulas administrativas xerais e particulares e prescripción técnicas, que acepto íntegramente, no precio de .............................. (letra e número), e IVA de ......................., cun total de ................................, con arreglo a los siguientes criterios e melloras ......................................, facendo constar que manteño a oferta durante ........... meses e non estou incurso en ningunha das circunstancias que prohíben contratar, establecidas no TRLCSP.

b) Prazo de garantía: ___________

c) Melloras ofertadas (relacionadas e valoradas individualmente, con indicación do seu importe): ______________________________________________

## ANEXO III
## MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS REQUIRIDOS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA.
((Cláusula 15.1.1 apartado H) e 15.1.2 apartado E)

**1. MEDIOS PERSOAIS:**

| CATEGORÍA PROFESIONAL | TITULACIÓN REQUIRIDA | NUMERO PERSOAS |
|---|---|---|
| | | |

Concello de A Illa de Arousa
C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 – Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

| | | |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| | | |

## 2. MEDIOS MATERIAIS:

| | CARACTERÍSTICAS | Nº UNIDADES | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|
| 2.1. MAQUINARIA | | | |
| | | | |
| 2.2. EQUIPOS | | | |
| | | | |
| 2.3. MEDIOS AUXILIARES | | | |
| | | | |

## A N E X O IV

## MODELO DE CONTRATO ADMINISTRATIVO PARA OBRAS

En ........................................., a ....... de ................................ de 20 ....

**REUNIDOS**

**DE UNA PARTE:** D. ............................................................., en calidad de ........................................................, según nombramiento efectuado por ...................................... con facultad para suscribir el presente contrato en nombre de la Corporación, de conformidad con el artículo ..........................

**DE OTRA PARTE:** D. ...................................................................., mayor de edad, con D.N.I. nº ................................., expedido el día ..............................................................., actuando en calidad de ..................................... de .......................................... con domicilio en .........................................................

Reconociéndose ambas partes respectivamente competencia y capacidad legal suficientes, convienen suscribir el presente contrato administrativo de ............................................................. cuyos antecedentes administrativos y cláusulas son:

**ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS**

**Primero.-** El proyecto técnico de obra cuya ejecución se contrata fue aprobada por ..........................., de fecha......., por un presupuesto de ..............................................

Concello de A Illa de Arousa
C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

**Segundo.-** El pliego de cláusulas administrativas particulares fue aprobado por ................................ de fecha ............................

**Tercero.-** La contracción del gasto fue efectuada por la Intervención en fecha ............................, con cargo a la aplicación presupuestaria ......................................, realizándose la fiscalización previa el día ..................

**Cuarto.-** La adjudicación de este contrato se acordó por ......................................, de fecha ..................................

## CLÁUSULAS DEL CONTRATO

**Primera.-** D.............................................................................................. se compromete a ejecutar las obras de .............................................................. con estricta sujeción a los planos, pliego de cláusulas administrativas particulares, pliego de prescripciones técnicas, que figuran en la memoria técnica valorada aprobada por la Administración, documentos contractuales que acepta plenamente, y de lo que deja constancia firmando en este acto su conformidad en cada uno de ellos.

**Segunda.-** El precio de este contrato es de ........................... euros, e IVA por importe de ..................., con un total de ....................................

**Tercera.-** El plazo de ejecución de la obra será de ............................... y comenzará desde la fecha en que la Administración dé la orden de iniciación de la misma, una vez suscrita el acta de comprobación de replanteo.

La comprobación de replanteo tendrá lugar dentro de los ....................... días hábiles siguientes a la formalización de este contrato.

El plazo de garantía es de ............................................. a contar desde la fecha en que se realice la recepción de las obras.

**Cuarta.-** Para responder del cumplimiento de las obligaciones derivadas del presente contrato, el adjudicatario ha constituido a favor de la Administración una garantía definitiva por importe de ................ euros, cuyo resguardo se une al presente como anexo nº 1.

**Quinta.-** El contratista presta su conformidad al pliego de cláusulas administrativas particulares que rige para este contrato, que se une como anexo nº 2, y ambas partes se someten, para cuanto no se encuentre en él establecido, al Pliego de Cláusulas Administrativas Generales para contratos de obras, al Texto Refundido de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, al Reglamento General de dicha ley, y a las demás disposiciones reglamentarias de desarrollo y, supletoriamente, a la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.

Las cuestiones litigiosas surgidas sobre la interpretación, modificación, resolución y efectos de ésta, serán resueltas por el órgano de contratación, cuyos acuerdos pondrán fin a la vía administrativa y serán inmediatamente ejecutivos, pudiendo ser recurridos potestativamente en reposición ante el mismo órgano que los dictó, o ser impugnado mediante recurso contencioso-administrativo, conforme a lo dispuesto en la Ley reguladora de dicha Jurisdicción.

Concello de A Illa de Arousa
C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 – Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

Para la debida constancia de todo lo convenido se firma este contrato en el lugar y fecha al principio mencionado.

---

DILIXENCIA: O presente pliego foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de setembro de 2016.

Na Illa de Arousa, a 20 de setembro de 2016.

O SECRETARIO

Asdo. Daniel Angel Lamas Bello